

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Oroso, sendo as 13:00 horas do día 18 de agosto de 2008 na Casa Consistorial constitúese a Mesa de Contratación, neste acto para proceder á valoración da documentación contida no sobre C na contratación mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios, tramitación ordinaria do “Contrato do servizo do programa Bos Días Cole”.

Preside D. José Manuel Pérez Penas, Alcalde en funcións, coa asistencia coma vogais de D. Vanesa Reboredo Fraga, concelleira de réxime interior, economía e facenda, ensino, patrimonio e comercio, D. Dalmiro Núñez Méndez(secretario do Concello), D.Felix Manuel Carrasco del Pozo (interventor do Concello).

Actúa como secretaria, a funcionaria municipal Dª Ana Mª Liñares Castro.

1.- VALORACIÓN DA OFERTA TÉCNICA

Vista a documentación técnica aportada polos licitadores e unha vez analizada, a Mesa procede a puntuar a oferta técnica dos licitadores e acorda por unanimidade dos membros puntuar a oferta do seguinte xeito:

VALORACION OFERTA TÉCNICA	COESCO, S.L.		SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN, S.C.	
	ASPECTOS MÁIS DESTACABLES	PUNTOS	ASPECTOS MÁIS DESTACABLES	PUNTOS
Cualificación do cadro de persoal	Indica a cualificación mínima esixida no prego	7	Indica a cualificación mínima esixida no prego	7
Calidade dos medios materiais a chegar ao servizo	Aporta materiais funxible, lúdico e didácticos, impresos audiovisuais e informáticos, para servir o almorzo e de limpeza e caixa de 1º auxilios	10	Material didáctico e lúdico	7
Características dos servizos lúdicos-educativos	Servizos amplos pero sen especificar.Non especifica a organización do servizo e persoal adscrito	10	Servizos básicos e especificados.Especifica a organización do servizo	10
Calidade dos produtos alimenticios	Cumpre os requisitos mínimos	14	Cumpre os requisitos mínimos	14
TOTAL PUNTOS		41		38


2.- RESUMO DAS OFERTAS

Empresa	Oferta económica	Baixa%	Puntos oferta económica	Puntuación oferta técnica	Puntuación total
Coesco, S.L.	750	6,25	9,375	41	50,375
Servicios Integrais de Formación, S.C.	580	27,5	47,5	38	85,5

Por tanto, comprobada pola Mesa que todas as ofertas admitidas se axustan aos criterios de selección e ningunha das ofertas presentadas está incurso en baixa temeraria, propon ao organo de contratación de conformidade co artigo 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares a adxudicación do contrato a favor da empresa SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN, S.C. . por seres o licitante que obtivo a maior puntuación.

Sendo as 10:30 horas, a Mesa da por terminado o acto. De todo o transcrito nesta acta, que asinan o presidente e os vogais, eu secretaria da Mesa, dou fé.

O presidente



Os vogais



A secretaria

